

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados o alumnado do segundo ciclo de educación infantil. Curso 2013-2014

Anuncio

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 18 de xullo de 2013 as bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2013/2014, fanse públicas de acordo coa lexislación vixente.

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2013/2014

1.- OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento dos gastos efectuados durante o período 1/07/2013 a 31/12/2013 en libros de texto e material escolar polo alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os alumnos estiveran matriculados durante o curso 2013/2014 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos, de acordo todo elo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, a Concellaría de Educación propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.- Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

- Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.

1.2.- Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:

- A colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1.- Gastos subvencionados

Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da adquisición de libros de texto, materiais curriculares e demais material didáctico e complementario.

2.2.- Momento de realización dos gastos financiados.

Os gastos obxecto de subvención deberán ter sido efectuados no período que vai do 01/07/13 ao 31/12/2013.

3.- ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 18.500 €, imputables á aplicación orzamentaria 323.480.04.

A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento municipal do exercicio 2014, no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que se presenten ao amparo desta.

Consonte ao anterior, non poderá realizarse acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

4.- CONTÍA DAS ACHEGAS.

As contías a conceder ao abeiro desta convocatoria serán as seguintes:

Renda per cápita da unidade familiar	Importe máximo da achega
Menos do 50% do IPREM	120 €
Do 50% ata 75% IPREM	100 €
Do 75% ata 100% IPREM	80 €

Para a determinación dos conceptos das rendas computables, estarase ao disposto no artigo 11.5 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames, dispoñible na web municipal (www.concellodeames.org), sendo o exercicio fiscal a que fai referencia dito artigo o 2012.

O IPREM a considerar será o correspondente ao exercicio 2012.

5- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas subvencións os pais e nais -ou titores legais- dos nenos e nenas matriculados no curso escolar 2013/2014 nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos).

Os solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos no artigo 13.2 da Lei 18/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os que de seguido se relacionan:

1. A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Ames.

2. As/os alumnas/os para os que se solicita as axudas deben estar matriculados no curso escolar 2013/2014 en centros de ensino sostidos con fondos públicos no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos).

3. Que a renda per cápita da unidade familiar, computando os ingresos percibidos por todos os seus integrantes no exercicio 2012, non fora superior ao 100 % do IPREM anual con pagas extras fixado para o exercicio 2012 na cantidade de 7.455,14 €

Compoñen a unidade familiar, a estes efectos:

a) Os pais non separados legalmente, e no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

b) Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.

c) Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os fillos menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que solicite a bonificación, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas), durante o ano inmediato anterior. A estes efectos, no caso de fillos maiores de 18 anos, terase en conta o seguinte:

1. Considérase que ten contrato se os ingresos alcanzan o 100 % do IPREM anual con pagas extras fixado para o exercicio 2012.

2. Só serán computados os seus ingresos, e computará como membro da unidade familiar, se os seus ingresos son inferiores ao 100 % do IPREM anual con pagas extras, fixado para o exercicio 2012.

e) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e reúnan os requisitos do apartado anterior.

f) No caso de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito, e convenio regulador onde conste a custodia do menor.

A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos, sempre que conste o empadroamento xunto co resto da unidade familiar.

A determinación dos ingresos da unidade familiar, no caso de presentación da declaración do IRPF do exercicio 2012, virá determinada polo importe que figure na parte xeral da base imponible do imposto (cadros 455 e 465 da declaración).

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, aportarase certificado de percibir prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos presentada por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais daqueles. En tal caso, esta será a información económica a empregar para valorar a situación económica da unidade familiar, a efectos desta achega.

A declaración xurada, para que teña validez, deberá vir acompañada dun certificado da entidade bancaria no que confíen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente ou extracto bancario de cada conta ou depósito correspondente ao primeiro semestre do exercicio 2013, por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, así como, de ser o caso, unha declaración xurada dos bens inmobles urbanos e rústicos dos que sexan titulares, coa referencia catastral, emprazamento e valor catastral; e declaración dos vehículos de tracción mecánica dos que sexan titulares e data de adquisición. A declaración de titularidade de bens inmobles e vehículos comprobarase cos datos que figuren nos Padróns Municipais. Calquera falsidade ou omisión de datos será causa de denegación da achega.

Os solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas ca Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social; así mesmo, deberán estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Ames.

Os solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1.- Lugar de presentación.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ames, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.2.- Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será do 15 de setembro ao 15 de outubro do 2013.

6.3.- Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.
ANEXO 2	CERTIFICADO DE MATRÍCULA NO CENTRO DE ENSINO.
ANEXO 3	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de ter presentado unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

7.1 Tramitación

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de Educación.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, previo informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder, se derive que os solicitantes reúnen todos os requisitos para acceder á condición de beneficiarios.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente	.-O Alcalde
Vogais	.-O Concelleiro/a Delegado do Área. .-Dúas traballadoras do Departamento de Educación, designadas pola Concellaría, debendo actuar unha delas como secretaria da comisión.

7.2 Valoración das solicitudes.

O único criterio a considerar será a renda per cápita familiar dos solicitantes, de acordo co indicado no artigo 4º anterior.

A Comisión ordenará a totalidade de solicitudes presentadas en base ao anterior criterio, procedendo á asignación individual de contías, co límite do crédito da convocatoria.

7.3.-Notificación e publicidade da resolución de concesión.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselles a todos os solicitantes no prazo máximo de un mes desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará a contía máxima concedida.

O acordo de concesión quedará sometido á condición suspensiva indicada na Base 3ª. Cumprida esta condición, a concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

Aceptación da subvención.

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

8.1.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finalizará o 31 de decembro de 2013, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte.

8.2.- Documentación xustificativa.

A obriga de xustificar a achega concedida será cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 4 a estas bases, á que se engadirán os orixinais das facturas nas que se documente o gasto realizado, debendo cumprir estas os requisitos establecidos no Real Decreto 1496/03, de 28 de novembro.

Nos termos indicados no parágrafo seguinte, admitiranse fotocopias, sempre que veñan compulsadas diante da Secretaría Municipal, dun notario, ou dun funcionario do Rexistro Xeral do Concello de Ames habilitado para elo.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da Lei 38/03, os orixinais das facturas a compulsar deberán ser dilixenciados polo Departamento de Educación, co fin de acreditar o seu emprego como xustificación desta achega. Dita dilixencia deberá efectuarse con carácter previo á compulsas.

8.3.- Tramitación da xustificación.

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida, o órgano competente valorará o cumprimento da actividade subvencionada e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta, o órgano que tramite o expediente formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, o que implicará a renuncia á achega concedida.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

– No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior á achega concedida, aboarase a totalidade da subvención concedida.

– No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% da achega concedida, aboarase o importe xustifico.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo departamento xestor indicará o importe da subvención que proceda aboar ao beneficiario.

8.4.- Xustificación extemporánea e perda da subvención.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que o beneficiario da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable

de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

Para o cobro da subvención os beneficiarios deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

9.- CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

9.1.- Número total de expedientes obxecto de revisión.

a) As solicitudes presentadas serán numeradas en función do número de asento no Rexistro Xeral do Concello.

b) De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

9.2.- Expedientes obxecto de revisión.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

a) A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.

b) Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS:

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

11.- OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS:

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas ou entes privados, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei orgánica 10/85).

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins aos que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2013, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

Disposición adicional cuarta.

Contra estas bases, que esgotan a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, ante o alcalde, segundo o disposto na Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE de 14 de xullo).

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2013/2014**ANEXO 1**

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

Nome			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono		Correo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. curso 2013/2014, SOLICITO, ao abeiro da mesma, a concesión dunha achega para os gastos que se indican a continuación destinada aos seguintes estudantes:

Nome do alumno/a	Centro educativo	Curso

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude (marcar).

- Fotocopia compulsada do documento de identidade do solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia e, no seu caso copia cotexada da sentenza que estableza as medidas paterno-filiais.
- Certificación da entidade bancaria na que conste o código de conta e o solicitante da axuda
- En caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da súa situación tributaria, deberá aportarse:
 1. Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2012, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 2. Certificado de non existencia de obrigas coa AEAT, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 3. Certificado de non existencia de obrigas coa Seguridade Social, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

Ames, _____ de _____ de 2013
O/A solicitante.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2013/2014**ANEXO 2**

CERTIFICADO DE MATRÍCULA NO CENTRO DE ENSINO.

D / D^a. _____,
 Secretario/a do centro _____

CERTIFICO

Que o/a alumno/a _____, está matriculado/a e cursa integramente neste centro estudos de _____, durante o curso 2013/2014.

_____ de _____ de 2013
O/A Secretario/a do centro.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2013/2014
ANEXO 3
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE.

D./D^a. _____ co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto para o curso 2013/2014

DECLARO:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.

2. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

3. Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Os abaixo asinantes, como únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, coñecedores das bases da convocatoria, AUTORIZAMOS ao Concello de Ames para solicitar no noso nome as correspondentes certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, a fin de acreditar o cumprimento destas obrigas (EN CASO DE NON OUTORGAR AUTORIZACIÓN, O INTERESADO DEBERÁ APORTAR ORIXINAIS (OU COPIAS COMPULSADAS) DAS CORRESPONDENTES CERTIFICACIÓNS).

Nome e apelidos	NIF	Sinatura

Ames, _____ de _____ de 2013
O/A solicitante.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2013/2014
ANEXO 4
CONTA XUSTIFICATIVA

D./D^a. _____

co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2013/2014,

DECLARO

Que os gastos financiados con esta achega son os seguintes:

Expedidor da factura (con cif)	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe
			Total gastos	

OUTRAS ACHEGAS QUE FINANCIARON ESTES GASTOS

Subvencións.

Administración concedente.-	Importe.-
Total	_____ €

Ames, _____ de _____ de 2013
O/A solicitante.

Ames, 19 de xullo de 2013

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro

2013/9747